



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **30 de decembro de 2016 (2)**, adoptou o seguinte acordo:

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DAS CAMELIAS, ENTRE A RÚA DOUTOR MARAÑÓN E A RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ. EXPTE. 3969/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/16, dáse conta do informe-proposta do 30/12/16, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2016 as 13.00 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Proposta de adxudicación.

- a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Maraño e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización a) da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Maraño e a rúa Juan Ramón Jiménez, de 31 de agosto de 2016 (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 31 de agosto de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto para a contratación das obras de humanización a) da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Maraño e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440), e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/01/2017 13:03

Páxina 1 de 4

Expediente 3969/440

Código de verificación: 25E44-4B44D-D28A2-CD82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Segundo.- En data 27 de decembro de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 27 de decembro de 2017 de “Desestimar as alegacións formuladas por CONSTRUCCIONES FECHI, SLU, ao informe de valoración do “Sobre B, proposición avaliable mediante xuízo de valor”, do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, a técnica media de obras públicas, o xefe da oficina de supervisión de proxectos e o xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, de data 16 de decembro de 2016, polas razóns expostas no informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, de data 26 de decembro de 2016”.

Segundo.- Excluír do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Maraño e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) aos licitadores UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU; HORDESCON, SL; EXTRACO, SA; COPCISA, SA, DESMACO, S.L.; UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.-FEVISA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU; ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.; CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L; ELSAMEX, S.A.; ESPINA Y DELFIN, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	95,46
2	CIVIS GLOBAL, SLU	91,54
3	AVAN INTEGRAL, SL	90,93
4	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,71
5	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	89,99
6	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S L Y CONST. OREGA, S L	87,71
7	O3 SERVICIOS Y CONTRATAS, S L -OGMIOS PROYECTO, S L	87,18
8	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S A	86,25
9	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	85,98
10	NAROM, S.L.	84,69
11	UTE EXCAVACIONES Y CONST. LAUREANO COVELO, S A-ALVAC S A	83,97
12	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A - MARCONSA	83,43
13	UTE ACEVI, SL-MONTAJES J.M. IGLESIAS, S L	82,31
14	ORESA, S L	82,00
15	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	80,75
16	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA.	76,98
17	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L	72,78



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 3969/440

Data impresión: 10/01/2017 13:03

Páxina 2 de 4

Código de verificación: 25E44-4B44D-D28A2-CD82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva.*
5. *Resgardo da garantía complementaria por importe de 32.140,45 €.*

Quinto.- Requirir a citado licitador o aboamento de 654,12 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Terceiro.- En data 23 de decembro de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., que presenta a documentación requirida en data 28 de decembro de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 28 de decembro de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., tal e como desprendese dos informes de valoración das ofertas do enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, do xefe da oficina de supervisión de proxectos, e a técnica



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/01/2017 13:03

Páxina 3 de 4

Expediente 3969/440

Código de verificación: 25E44-4B44D-D28A2-CD82A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

media de obras públicas, de data 16 de decembro de 2016; e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de 26 de decembro do mesmo ano.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440) por un prezo de 777.798,89 € (IVE incluído) e cun incremento do prazo de garantía de 181 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

MXLP/rs.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

